



DATOS IDENTIFICATIVOS

Programas de animación sociocultural

Materia	Programas de animación sociocultural			
Código	O05G130V01503			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Dapia Conde, María Dolores			
Profesorado	Dapia Conde, María Dolores Nogueiras Mascareñas, Luís Miguel			
Correo-e	ddapia@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral Despois de varios anos a animación sociocultural impúxose como unha necesidade. De ser considerada como algo marxinal, estase pasando a súa institucionalización. Con esto potenciase unha nova modalidade pedagóxica, un novo modelo de intervención que vai perfilando os seus fins, obxectivos, método, programas e conformando un novo tipo de educador/a, o/a [animador sociocultural].

A materia [Programas de animación sociocultural] configúrase como unha materia clave para a formación dos alumnos e alumnas de Educación Social polas aportacións teóricas e prácticas da mesma a un dos seus ámbitos de actuación, tanto no que se refire a súa cualificación xeral como no que alude a unha capacitación máis específica. Constitúe a formación específica para introducir aos estudantes na profesión de animador/a sociocultural, e asimesmo constitúe un dos perfís recollidos no Libro Blanco. Título de grao en pedagogía e educación social: Animador y gestor socio-cultural, proposta elaborada por unha rede de universidades españolas para a adaptar a titulación de Educación Social ao Espacio Europeo de Educación Superior.

[O animador sociocultural é aquela persoa que, utilizando unha tecnoloxía social baseada nunha pedagogía participativa, facilita o acceso a unha vida máis activa con maior participación e comunicación coa colectividade da que se forma parte, potenciando, en consecuencia, a autonomía persoal e grupal, a relación interactiva con outras persoas, a integración nun entorno sociocultural e a correspondente capacidade para transformar ese contexto].

A materia adecúase ao perfil profesional e académico da titulación nos seguintes aspectos:

(a) Na aproximación teórica ó estudio da Animación Sociocultural: concepto, caracterización, ámbitos, formación, profesionalización,...

(b) Na aposta básica por capacitar aos estudantes para o deseño de programas de animación sociocultural adaptados aos distintos contextos de intervención atendendo a medios, destinatarios,...

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Contidos

Tema

1. Conceptualización e caracterización da animación sociocultural (ASC).	Conceptos afines. Análise de distintas definicións de ASC. Cara unha definición de ASC. Características e obxectivos.
2. Animación sociocultural e educación social	A ASC, ámbito da educación social.
3. Perspectiva histórica e comparada da ASC. Panorámica: ámbitos.	Xénese e evolución da Animación Sociocultural. A ASC en distintos países. Ámbitos da ASC: Taxonomización e análise.
4. Bases antropolóxicas, sociolóxicas e psicolóxicas da ASC.	Bases antropolóxicas. Bases sociolóxicas. Bases psicolóxicas.

5. Desenvolvemento comunitario.	Concepto. Obxectivos. Rasgos. Campos de intervención. Educación social e desenvolvemento comunitario.
6. Os animadores/as socioculturais: formación e profesionalización.	Variables que inciden no proceso de profesionalización. Modelos e propostas formativas no ámbito da ASC. Regulación do mercado de traballo.
7. A investigación en ASC.	Modelos de investigación. Aplicacións no ámbito da ASC. A investigación-acción, un modelo axeitado para a ASC.
Temario de prácticas	
P1. A planificación dos procesos socioculturais. Propostas metodolóxicas.	- Diferencia plan, programa e proxecto. - Apartados a ter en conta no deseño dun proxecto.
P2. Análise da realidade. Momentos e técnicas.	- Fases e metodoloxía da análise da realidade. Importancia.
P3. Obxectivos. Concepto, formulación e tipos.	- Formulación de obxectivos.
P4. A organización de recursos. Orzamentos e sistemas de financiamento.	- Recursos. Tipoloxía. Elaboración dun presuposto.
P5. Análisis de distintas subvenciones.	- Proposta avaliativa.
P6. A avaliación. Enfoques, modelos e tipos. Cara a unha proposta comprensiva.	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Lección maxistral	17	8	25
Resolución de problemas	30	0	30
Traballo tutelado	10	45	55
Exame de preguntas obxectivas	1	26	27
Traballo	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	- Avaliación dos coñecementos previos do alumnado. - Presentación xeral da materia e a súa organización. - Orientacións acerca da bibliografía. - Orientacións dos traballos requeridos.
Lección maxistral	- Exposicións por parte dos docentes dos temas da materia. - Presentación de materiais básicos.
Resolución de problemas	Realización de actividades na aula propostas polos docentes
Traballo tutelado	<p>Neste apartado faremos referencia especificamente as orientacións para o alumnado dos traballos obrigatorios esixidos para superar a materia. Como actividades obrigatorias, exíselles aos estudantes dous traballos. O primeiro, que ten un peso importante na nota consiste na elaboración dun programa de animación sociocultural, adaptado a unha realidade específica (previo análise da mesma) e de libre elección por cada estudante (non se permite elixir a mesma realidade), cunha duración mínima de 4 meses. Pode facerse individualmente (obrigatorio para os non asistentes) ou en parellas, que logo farán unha exposición do mesmo, donde a profesora preguntará a calqueira dos compoñentes do grupo. Este traballo consiste na aplicación do estudado nas clases prácticas. Data de entrega: 1 de decembro.</p> <p>O segundo traballo, de menor adicación, é de carácter grupal e facilita a profundización por parte dos estudantes nun ámbito da animación sociocultural, elixido según preferencias. Tras a selección pídeselle que realicen un estudo teórico-práctico do mesmo, que posteriormente será presentado na clase, para finalizar o tema 3. Data de entrega: 30 de setembro.</p> <p>Por último, un terceiro traballo de carácter optativo e individual, consiste na lectura e análise dun libro relacionado cun dos ámbitos da animación sociocultural. Data de entrega: 15 de novembro.</p> <p>A realización destes traballos implica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Busca e consulta de fontes bibliográficas e documentais - Lectura e análise dos documentos teóricos que fundamentan o mesmo. - Deseño, e aplicación de instrumentos para a recollida de datos, así como análise dos mesmos (parte práctica) - Elaboración do informe final (para a súa entrega) - Exposición oral dos traballos realizados en pequenos grupos para o grupo-clase.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dudar xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos.
Traballo tutelado	Atención personalizada en relación á elaboración dos distintos apartados do proxecto de ASC.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Aclaración de dudar antes da realización da proba e revisión personalizada do resultado da proba.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Participación e seguimento das clases teóricas e prácticas. Criterios de avaliación: a) Realización de actividades propostas. b) Elaboración e exposición do traballo grupal dos ámbitos da ASC.	15	
Traballo tutelado	Obrigatorio para todos os/as alumnos. Valorarase o proxecto de ASC (descrito na parte metodolóxica) atendendo aos seguintes criterios: - Adecuación ao ámbito da ASC. - Coherencia interna. - Inclusión de todos os apartados. - Adecuación a unha realidade, libremente elexida.	40	
Exame de preguntas obxectivas	Obrigatorio para todos os/as alumnos. - Proba obxectiva con opcións de resposta. - Na puntuación final teranse en conta acertos e erros.	40	
Traballo	- Lectura e análise dun libro relacionado cun dos ámbitos da animación sociocultural. - Libro-forum (se procede)	5	

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIO XERAL: Para facer media é imprescindible haber aprobado o examen (proba obxectiva) e o proxecto de ASC.

AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado que se acolla a modalidade de **avaliación continua** debe ter unha asistencia do 80%. A avaliación continua segue os criterios da guía docente.

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que non cumpra o criterio da asistencia (80%) ten que ir a **avaliación global**, modalidade de aplicación para os/as **non asistentes**. Para a súa avaliación empregaranse os mesmos criterios que para os estudantes asistentes, coa única diferenza de que se elimina o criterio traballos de aula; quedando a ponderación do seguinte xeito: o traballo tutelado individual (40%), a realización dunha proba escrita (40%) e o traballo dun dos ámbitos da animación sociocultural, no que se inclúe a lectura dun libro e unha aproximación á realidade profesional (20%).

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións nas probas/actividades superadas, nese curso académico.

DATA EXAMES: A sinalada e aprobada como data oficial pola Facultade. As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo "datas exames".

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cembranos, F.; Hernández, D. e Bustelo, M., **La animación sociocultural: Una propuesta metodológica.**, Editorial Popular, 1994

Miguel Badesa, S. de, **Perfil del animador sociocultural.**, Narcea, 1995

Trilla, J. (coord.), **Animación sociocultural.**, Ariel, 1997

Roselló, D., **Diseño y evaluación de proyectos culturales.**, Ariel, 2004

NOGUEIRAS MASCAREÑAS, M., **Teoría y práctica del desarrollo comunitario. Análisis de un modelo.**, Popular, 1996

DAPIA, M., **La animación sociocultural, un ámbito transversal a otros ámbitos de la educación social.**, 58, 2014

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta guía explicita as líneas de actuación que se van a seguir co alumnado da materia, entendida con certa flexibilidade; polo tanto, pode estar suxeita a algúns reajustes puntuais.

Esta materia enmarcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
